

Curso Intensivo de Galego para a preparación do CELGA 4 - 2017-2018

Información da convocatoria

Tipo	CURSO INTENSIVO DE GALEGO PARA A PREPARACIÓN DO CELGA 4
Código	V18.NT.GAL.CE4
Nome	Curso Intensivo de Galego para a preparación do CELGA 4
Curso académico	2017-2018
Nivel	
Modalidade	PRESENCIAL
Horas	40.00

Información sobre o calendario (datas)

Período de matrícula	01/05/2018 - 09/05/2018
Período de docencia	14/05/2018 - 25/05/2018

Prazas e créditos

Número mínimo de participantes	12
Número máximo de participantes	20
Horas ECTS	40
Validación LE	0

Destinatarios

Público en xeral (maiores de 16 anos) interesado en preparar o exame do CELGA 4

Calendario

De luns a venres de 16.00 a 20.30 (descanso 17.00-17.30 horas)

Programa

CELGA 4

1. Traballo dos erros frecuentes no plano ortográfico, morfosintáctico e léxico.
2. Reforzo dos aspectos gramaticais máis complexos a través das actividades desenvolvidas na aula.
3. Realizaranse simulacros de exame e traballaranse as destrezas básicas da comunicación para lograr a competencia axeitada ao nivel de preparación.

a. **Comprensión lectora**

Lectura de textos (non superiores ás 1000 palabras) de temática variada a partir dos cales se responderá a preguntas de múltiple escolla ou/e de razoamento.

b. **Comprensión auditiva**

Comprensión de textos orais ?de carácter informal e formal e de temática diversa?, a partir dos cales se realizarán actividades de resposta de múltiple escolla.

Comprensión de gravacións en que interveñen dous ou máis interlocutores, discursos televisivos, informes, instrucións...

c. Expresión escrita (entre 400 e 500 palabras)

Produción de textos, de certa extensión e complexidade, sobre unha ampla variedade de temas e de diferente tipoloxía textual: elaboración de correspondencia, redacción de comunicados de carácter oficial, escritos sobre temas diversos etc.

Orientación e pautas para a correcta expresión escrita: uso axeitado dos signos de puntuación, emprego dunha ampla gama de conectores textuais, perfeccionamento do estilo etc.)

d. Expresión oral

Expresión de ideas e opinións de forma clara, fluída e adecuada ao tema e ao contexto do acto comunicativo.

Produción de discurso oral que permita participar en debates, intervir en conversas e realizar presentacións/exposicións sobre temas diversos.

Pautas para a correcta expresión oral: mellora da fonética e da pronuncia, entoación, fluidez etc.

Forma de pago

Tarifas

Comunidade Universitaria	156.00 €
Público en xeral	190.00 €

Este curso require un pagamento inicial dunha cota de preinscrición de 15.00 € que se descontará do importe total da matrícula.

Formas de pago

Emisora X011668 Ingreso efectivo (Banco Santander)
Tarxeta bancaria
Transferencia bancaria

Impartido en

Campus de Vigo - Facultade de Filoloxía e Tradución -

Cómo matricularse

Entra en <http://centrodelinguas.fundacionuvigo.es>

Alí encontrarás toda a oferta de cursos e as indicacións para realizar a túa matrícula. Aquí che indicamos un pequeno resumo:

1. Na pantalla de inicio:

- Se realizaches o teu rexistro en Bubela durante os anos 2012 e 2013, xa estás rexistrado no programa. No campo central "Recuperar contrasinal", introduce o teu DNI.
- No caso contrario, pulsa "Rexistrarse" e introduce os teus datos persoais.

EN AMBOS CASOS RECIBIRÁS UN CORREO ELECTRÓNICO CO TEU CONTRASINAL.

2. Facer a preinscrición online seguindo os pasos que se indican.

3. Pagar o importe do curso, para o que tes tres posibilidades:

a) Pago con tarxeta

b) Transferencia no **Banco Santander**:

Número de conta: 0049 614198 2510007984

Código Swift: BSCHEMMXXX

IBAN: ES86 0049 6141 9825 1000 7984

Debes indicar o teu nome e o nome do curso no que te matriculas

c) Ingreso en efectivo no **Banco Santander**:

Neste caso debes indicar estes datos:

Emisora: X011668

Importe do curso

Nome do alumno e nome do curso no que te matriculas

4. Todo o proceso de matrícula podes facelo a través do programa do centro de linguas.

5. A matrícula confírmase a través dunha mensaxe de correo electrónico.

Devolución

Para a devolución de matrícula séguense os seguintes criterios:

1. Só procederá a devolución do importe íntegro da matrícula, incluída a cota de preinscrición, cando, por causas non imputables aos usuarios, non se realice a actividade.
2. No caso de que o alumno/a non supere a proba de nivel do curso para o que se matriculou, e non realice outro curso, non procederá a devolución da cota de preinscrición.
3. Non obstante o declarado no punto anterior, o Centro pode devolver o importe en casos especiais que considere xustificadas, sempre que se solicite por escrito ao Centro de Linguas, a lo menos **tres días antes da data de inicio dos cursos**. Cando se considere xustificada a devolución, o Centro reterá **15 euros** en concepto de gastos de xestión.
4. Considérase que procede a devolución nos casos seguintes, sempre que os mesmos se produzan coa antelación especificada no punto anterior e se xustifiquen debidamente:
 - Cando se produza a sinatura dun contrato laboral que implique incompatibilidade horaria co curso matriculado, sempre que non resulte posible a adscrición a outro curso similar. Debe achegarse copia do contrato de traballo.
 - Por causa de accidente ou enfermidade que imposibilite seguir con regularidade o desenvolvemento do curso. Debe aportarse xustificante médico.
5. En ningún caso devolveráse o importe da matrícula unha vez iniciadas as clases.